

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZ DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE.

Na Casa Consistorial de Valdoviño, Salón de Sesións, o día dez de xaneiro de dous mil vinte, previa convocatoria efectuada regulamentariamente, reúnese o Pleno da Corporación ás vinte horas en primeira convocatoria para celebrar a sesión ordinaria de carácter mensual do mes de xaneiro (ao non terse celebrado o pasado día dous polas festas de Nadal). Preside a sesión o Sr. Alcalde don Alberto González Fernández (PsdeGPSOE) e coa asistencia dos /as seguintes concelleiros e concelleiras: dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, don Benito Manuel Vega Fernández, dona Jessica Sabín Fernández, don Alejandro Antonio García Sousa, don Germán Gómez Senra, dona Ana Belén Pérez Fernández e dona M.^a del Pilar Caamaño Vilela (PsdeG-PSOE); don Javier Bouzamayor Casas e dona Kristel Testa Ameneiros (PP); dona Dolores Bernardina Veiga Doce (CENVAL) e don Carlos Alberto Ameneiros Serantes (BNG).

Asistidos pola Secretaria Xeral do Concello, dona Carlota González Navarro, contando co quorum necesario, ábrese a sesión pola Presidencia procedendo a examinar os seguintes asuntos da **Orde do Día** da convocatoria.

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTA DAS SESIÓNS ANTERIOR DO DÍA 05.12.20 (Ordinaria) E 17.12.20 (Extraordinaria e urgente).

O Pleno da Corporación aprobación os borradores de actas citados, en votación ordinaria e por unanimidade dos votantes.

Non votaron dona Kristel Testa Ameneiros nen don Carlos Alberto Ameneiros Serantes, por non teren asistidos ás sesións. Tampouco o don Alejandro Antonio García Sousa, quen se incorporou máis adiante á presente sesión.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

2º.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE NOVIEMBRE.-

Dáse conta ao Pleno, en virtude do artigo 42 do R.D. legislativo 2568/86 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento Orgánico de Funcionamento e Rexime Xurídico das Entidades Locais, dos decretos ditados no mes de novembro do ano 2019, que comprenden do número 453 ao 500, aos efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno local, conforme ao previsto na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

A documentación relativa a este asunto comprensiva de listado numerado e extracto do asunto estivo a disposición dos concelleiros/as con anterioridade a sesión plenaria.

O Pleno tomou razón da relación de decretos mencionada.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.

SR. AMENEIROS SERANTES (GRUPO MUNICIPAL BNG)

Intervén cos asuntos:

*. -Minicentral das Forcadas.

Sr. Alcalde.- Agora mesmo non hai nada efectivo, pero temos interese en retomar o tema polo que falaremos co Concello de Ferrol. Pode constituir un recurso de enerxías renovables. En algún Pleno da Mancomunidade abordouse a xestión sobre a auga.

*.- Seguridade viaria na Porta so Sol e no lugar do Carballal.

Unha vez máis reitera o Sr. Ameneiros medidas de protección viaria nestas zonas, coa lexislación específica que sexa de aplicación a cada suposto, dado que él non é técnico, pero propón por poñer algún caso, a colocación de bandas rugosas antes dos pasos de peóns, na Porta do sol, colocar vallas de xeito que as persoas non poidan cruzar senón que continúen ata os pasos de peóns...

Sr. Alcalde.- Pretendese a posta de semáforos, e para elo está elaborada unha memoria técnica e está orzamentada, na zona de Valdoviño, parpadeante e vertical; que aconsellan coma máis efectiva que a horizontal.

Contribuirá tamén a manter a seguridade a instalación próxima de radar, non de carácter recaudatorio (de feito avisouse do seu uso); senón de control de velocidade.

*.- Estrada de Castro.

Considera o Sr. Ameneiros que aínda que se fixo mellora na estrada, precisariase un lugar onde os vehículos poidan dar a volta (unha rotonda ou algún outro sistema que o permita).

Sr. Alcalde. Sí, e no proxecto inicial, de feito, contemplabase.

-. Na baixada a Aviño traballase na procura dunha alternativa que favoreza a seguridade viaria e a circulación.

* Axudas para transporte a estudantes universitarios a Ferrol, Santiago e A Coruña.

Sr. Alcalde.- Di que na última convocatoria cre que se incluía algunha axuda, ademáis están as becas da Xunta, tarxeta de xente nova e algunha outra.

Sras. García López e Pérez Fernández.- Habería que incluílas na bolsa municipal.

*.- Saíu anuncio na prensa referenteá gratuidade a partir do verán das escolas infantís (asumido a custo pola Xunta).

Sr. Alcalde.- A idea puntualizana, para as escolas de Galiña Azul e para as consorciadas, e que se estudiaría para as municipais.

Deberían evaluar as municipais, porque estamos asumindo un servizo e un custo que non é de competencia municipal.

/Neste intre incorporase á sesión o concelleiro Alejandro Antonio García Sousa/

Sr. Ameneiros.-

*.- Insiste na necesidade de aplicabilidade de bonificacións á veciñanza con dificultades económicas nos recibos do IBI, recollida de lixo.... Critica que no ano 2004, en marzo se aprobou unha moción do BNG sobre estas bonificacións e que nunca se lle deu executividade ao acordado.

*.- Actuacións na Praia do Río en Meirás.

Sr. Alcalde.- Non houbo avance a este respecto.

*.- Reitera pregunta sobre plantación de eucaliptos en Cantodomuro, si se realizou algún trámite.

Sr. Alcalde.- Falouse cos interesados.

*Apunta a desorde nos alumeados públicos (encenden e apagan antes de tempo) e considera que sería útil regular o sistema de funcionamento.

SRA. VEIGA DOCE. (grupo municipal CENVAL)

*.- Pregunta polas políticas de prestación de servizos de cara a época estival, como é o socorrismo nas praias, bandeiras azuis, accesos...

Sr. Alcalde.- Houbo un cambio de postura dos Concellos en canto ás Bandeiras Azuis, porque supoñen un problema que se refire ao cumprimento dos compromisos, máis ca unha vantaxe. Si que traballamos en acadar e promover un distintivo de praias (destino único e paisaxístico, onde o medio ambiente e a paisaxe sexan protagonistas; e a súa protección constitúe unha das finalidades centrais do desenvolvemento turístico de Valdoviño.

Polo que se refire ao socorrismo, temos que comezar a sacar a contratación, prevendo que persistirá o problema de carencia de socorristas, derivado de que a Xunta de Galicia, non facilita a formación.

Non é cuestión fácil e de feito, intentase con Ferrol e Narón un Plan de Formación con homologación de cursos, que solventen o problema; asunto que leva curiosamente, o concello de Narón e que volverei a comentar no pleno da Mancomunidade.

En canto á preparación e acondicionamento dos accesos prevese para cando mellore un pouco o tempo, condicionada o que nos permitan actuar por parte das Administracións polo tema da protección. (Non podemos por exemplo actuar nas pasarelas, parte delas deterioradas e enterradas pola área)

Mencionar que en Villarrube tende a desaparecer a Praia.

Sr. Vega Fernández.- Está a pasar igual que na Praia da Magdalena en Cedeira.

Sr. Alcalde.- Hai moitos espazos, onde as actuacións se atopan limitadas por estar incluídos en Rede Natura.

Sr. Ameneiros Serantes.- A protección é boa que a haxa.

Sr. Alcalde.- En canto ao acceso á Praia de Campelo, imos buscar solución, temos cesión de espazo e estudiamos empezar a ordear. (como sabedes é zona privada) case na súa totalidade.

Outro problema latente que precisa estudiarse é o dos espazos para autocaravanas, nunha situación non regulatoria.

*.-Sra. Veiga Doce.- O proxecto de obra nas inmediacións do Campo de fútbol de Meirás leva incorporado espazo para aparcamento?

Sr. Alcalde.- Si, a obra financiase cun convenio coa Deputación Provincial e precisamente esta mañá fíxose o anuncio de licitación no perfil do Contratante.

*.-Sra. Veiga Doce. Vai hacer instaladas casetas para a venda de bebidas...?

Sr. Alcalde.- Estivo aberto prazo e so se presentaron dúas solicitudes. A súa instalación non é libre e está limitado o su número, e tampouco parece existir moita oferta de peticións de estas instalacións.

* Pregunta a Sra. Veiga Doce sobre o funcionamento da biblioteca municipal.

Sra. García López.- Trasláronse de novo os libros e vaise facer o expurgo.

Sr. Alcalde.- Está tamén mercado o material necesario.

SR. BOUZAMAYOR CASAS. (Grupo municipal PP)

Intervén coas cuestións seguintes:

*.- Reunión coa empresa adxudicataria das obras do campo de Mourente.

Sr. Alcalde.- Falouse coa empresa, están traballando para rematar.

*.- Tramitación rueiro.

Sra. Secretaria.- Estamos pendentes de aportación de documentación por parte da empresa que fai o traballo.

Sr. Alcalde.- Falamos de Valdoviño-parroquia.

*.- Custo do radar que se vai instalar. (pois os veciños falan dunha cantidade) e preguntaronlle.

Sr. Alcalde.- Non custa nada. O afán do seu funcionamento non é recadatorio; é un elemento para seguridade.

Sen máis intervencións a sesión chega ao seu remate ás vinteunha horas e vinte e cinco minutos, redatándose sobre ela a presente acta, que coma Secretaria, CERTIFICO.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE AO MARXE DO DOCUMENTO, POLA SECRETARIA MUNICIPAL E POLO SR. ALCALDE.